

NOTA: trátase só dunha proposta a modo de exemplo de como o organizamos en E.I.

## Previamente tiñamos esbozado o **mapa de tarefas-actividades-exercicios** que tiñamos pensado levar a cabo:

Este deseño foi paralelo á decisión dos ámbitos nos que iamos traballar.

### 1º – Decidimos os ámbitos nos que imos traballar/avaliar

Podería terse feito por áreas pero, polo aspecto globalizado da E.I. resultábanos máis interesante facelo deste xeito.

Linguaxes	Investigación	Traballo cooperativo	Autonomía e iniciativa	“Contidos teóricos”
- funcionalidade da lecto-escritura. - interpretación e recreación creativa de petroglifos - uso da linguaxe creativa para “transformar elementos” da natureza. - linguaxe e expresión oral - lóxica matemática: contar, xeometría, orientación espacial, dimensións...	- traballo coas disintas fontes de información. - discriminación da información válida da que non o é - as T.I.C. como fonte de información. - compartir a información atopada cos demais. - a plasmación do descuberto en diferentes soportes. - transmisión ós demais dos descuberto	- asumir responsabilidades nos equipo e consecuencias do mesmo. - cooperar entre todos para acadar o obxectivo - control do tempo e a relación coa necesidade de organizarse no equipo. - adquirir estratexias de organización dentro dos equipos.	- aportar ideas ó grupo para a mellor organización do traballo - estratexias para que o grupo escoite as ideas propias - hábitos de autonomía e compromiso coa “súa parte” do traballo en equipo. - autonomía no uso e recollida do material. - iniciativa na proposta de ideas creativas e orixinais.	- cultura do entorno - traballo con mapas e planos - os petroglifos: que son, onde os hai, quen os fixo.... - a prehistoria: como vivían, quenes eran, situación na “evolución dos humanos”, relacións sociais e familiares, as vivendas - o paso do tempo e os “cambios na sociedade”. Como vivían eles e como vivimos nos - coidado e respecto pola natureza - os animais representados nos petroglifos.

### 2º – Marcamos os criterios e a partir deles os indicadores

- Partindo destes ámbitos definimos (para cada área) os criterios de avaliación de xeito que cubren tódolos aspectos indicados, posteriormente de cada criterio definimos os indicadores de logro.
- Os criterios obtémolos da programación de ciclo, P.E.C., currículo, documento ponte...

(ver na U.D.I.)

### 3º – Completamos a concreción das relacións curriculares na U.D.I. cos obxectivos, CCBB e contidos

- Partindo dos criterios e indicadores xa definidos completamos as relacións curriculares indicando os obxectivos, contidos e CC.BB traballadas

(ver na U.D.I.)

### 4º – Elaboramos as rúbricas de avaliación

- Coas relacións curriculares establecidas elaboramos as diferentes rúbricas plantexada como avaliación na U.D.I.
- Construimos as rúbricas cos indicadores de logro que xa temos establecidos, primeiro distribuímos tódolos indicadores (e criterios) na diferentes rúbricas e posteriormente indicamos os “graos” de consecución.
- Elaboramos rúbricas non por áreas senón polos ámbitos antes indicados para a nosa comodidade de incluílas dentro das actividades,

(ver na U.D.I.)